

CLASE ELEMENTO: <b>Arquitectura</b>	TIPOLOXÍA: <b>Civil</b>	VISITA <b>8</b>
DENOMINACIÓN DO BEN: <b>Pazo de Vilarés, Pazo de la Fuente</b>		
TITULARIDADE: <b>Privada (Francisco Catalán)</b>	UBICACIÓN: <b>Vilaza (Santa María)/Vilarés</b>	
CONTORNO: <b>Ubicado na aba norte do Val Miñor, cun gran campo aberto ao redor que chega ata a estrada que une Gondomar con Vilaza. Conxunto con pombal e canizo.</b>		



[42° 07' 10" N/08° 46' 25" W]

#### DESCRIPCIÓN:

Construcción datada en 1725 (data inscrita no portalón de entrada) e fundada pola familia dos Fuentes; está realizada en cachotería de granito mesturada con sillería nas esquinas e recercados dos vans. Trátase dunha obra de estilo barroco, cuxa sobriedade e fachada danlle un aspecto castrense

Edificio de planta en forma de U, cunha planta de 450 m2 e que conta con tres alas, que pechan un patio aberto cara á fachada principal. Escaleira adosada nunha cuxía esquerda.

O corpo central da fachada, na parte baixa, está furado por un gran arco carpanel; sobre el discorre a balconada abalaustrada, que continúa na ala dereita, voada sobre grandes medallóns.

A fachada sur do pazo está composta no primeiro piso por cinco grandes arcadas. Sobre elas ábrese unha solaina-balconada formada por once arcos deprimidos rectilíneos e balaustre. Todo o conxunto da unha sensación de fortaleza militar e efectos de claro-, por mor do seu remate almenado, obsérvandose no extremo esquerdo o comezo dunha torre que existiu noutrora, aínda que se conservan as escaleiras que lle daban acceso e que están practicadas no grosor do muro. Tamén destaca nesta fachada o efecto de claro-oscuro propio do barroco, por mor dos vacíos sobre o muro. As fachadas laterais son moi sinxelas, existindo nelas vans recercados por lisas e planas molduras. Polo leste, adosóuselle ao edificio principal unha pequena construción que servía para albergar dependencias do servicio.

Completan o conxunto un hórreo, dependencias aledañas e o portalón de entrada, alintelado, blasonado (descrito por Rafael R. Fdez-Broullón, op. cit. lám VI, páx 70-71) e con pináculo central.

Agocha unha estancia no soto, á que se accede por unha lousa do piso, xunto a escaleira, que atravesando os muros, servía de refuxio, tendo unha saída – mediante túnel- a un punto da leira

#### BIBLIOGRAFÍA

AMIGOS DE LOS PAZOS: *Inventario Pazos y Torres*. Tomo 1 Vigo, 1973.

ESPIÑOSA DE LOS MONTEROS: "Casas y cosas del Valle Miñor". La Voz de Galicia. Santiago, 23/02/85. (Páx 72)

MARQUÉS DE QUINTANAR: "Los pazos gallegos". Ed. P.P.K.O. Vigo, 1932.

PEREIRA MOLARES, Ana M<sup>a</sup>: *La arquitectura del Pazo en Vigo y su comarca*. C.O.A.G. 1979. (Páxinas 136-164).

RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-BROULLÓN, Rafael: *El linaje de los Arines en Vigo y el Val Miñor. Genealogía y Heráldica familiar*. Anexo al Boletín nº 3. Estudios de Genealogía, Heráldica y nobiliaria de Galicia. Pontevedra, 2004. (Páxinas 70-71)

SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, Alfonso; SOLIÑO TRONCOSO, Antonio: *Gondomar. Historia, Arte y Territorio*. Ir Indo Ed. (Páxinas 350-356)

VV.AA.: *Enciclopedia Galega. Voz Gondomar*.